

Programa electoral
Julio Abalde 2015

Julio Abalde / Candidato a reitor UDC 2015

Novos retos Novas ideas

A Universidade de todos, a Universidade de todas

→ julioabalde.udc.gal

f /julioabalde2015
t @julioabalde

ÍNDICE

p. 2
p. 5
p. 27

Novos retos, novas ideas
Programa de impulso da UDC
Novos retos, novas ideas, novo equipo

Novos retos Novas ideas

A recente conmemoración do 25 aniversario da Universidade da Coruña permitiunos facer unha reflexión sobre a situación actual da nosa universidade, os logros acadados nestes tempos, os cambios, internos e externos, aos que estamos sometidos e a transformación que se espera da Universidade. O debate e a reflexión conxunta, calidades inherentes ao espírito universitario, reforzáronnos aínda máis na nosa crenza na universidade pública, no papel que cumpre na sociedade como garantía de futuro. Defendemos unha universidade pública galega na que se facilite o acceso ao estudantado e que estea financiada con fondos públicos suficientes. Só así poderemos contribuír ao progreso da sociedade.

Isto é máis que unha declaración de principios. Trátase dunha auténtica reivindicación da cultura e da lingua galegas, alén do cumprimento do obxectivo evidente e fundamental de formar profesionais e investigadores que permitan o desenvolvemento económico e social do país. E, no actual contexto económico adverso, seguimos a defender unha universidade para todos e para todas. Cremos na universidade como un evidente instrumento de mobilidade social ascendente polo que facilitar o acceso á educación superior é, para nós, unha obriga.

A Universidade da Coruña ten nestes momentos a capacidade para dar resposta aos retos que lle plantexa a sociedade actual. Para isto debemos actuar con conciencia crítica, con fortaleza e con auténtica autonomía. Autonomía e servizo público son dúas caras da mesma moeda, posto que a nosa idea de autonomía apoiase, como non pode ser doutro xeito, na rendición de contas á sociedade que a finanza e á que serve.

A Universidade da Coruña, como institución pública, ten a obriga de ofrecer un comportamento institucional exemplar e democrático, baseado no compromiso de todos os colectivos que integran a comunidade universitaria, de aumentar a súa eficiencia, transparencia e as boas prácticas que esixe o manexo dos recursos públicos. Neste sentido, o noso modelo de goberno quere

ter como fundamento a participación e a corresponsabilidade de todos os seus órganos e de todos os seus membros e destes coa sociedade do noso contorno.

Somos conscientes de que para acadarmos o éxito como institución baseada no coñecemento, as persoas que a integran son o máximo activo e a súa máxima garantía de futuro. O persoal docente, investigador e de administración e servizos son o talento da Universidade, polo que temos o compromiso, como conseguimos facer até o de agora, de manter todos os postos de traballo. Daremos prioridade na xestión do persoal ao recoñecemento do esforzo, da capacidade e do mérito.

A Universidade da Coruña a través dos seus Campus, ten que ser un nodo de innovación e ten que buscar alianzas estratéxicas que permitan desenvolver proxectos académicos e de investigación de máximo interese. Unha universidade que sexa capaz de conectar cos intereses e as necesidades do desenvolvemento locais, globais e que nos sitúe como nodo de coñecemento conectado cos polos internacionais do saber e da innovación.

Os principais retos e ideas que propoñemos para desenvolver a nosa acción de goberno nos próximos anos serán:



RETOS**PARTICIPACIÓN E TRANSPARENCIA**

Ideas ↓

A Universidade da Coruña é un espazo para compartir valores que transcendan á sociedade polo que debemos ser un referente de transformación e mellora continua dunha sociedade que muda os seus retos mais debe permanecer inalterable no carácter público que a sustenta.

Debemos garantir a participación activa da comunidade universitaria, de xeito que todos e todas podamos ser partícipes na toma de decisións e no debate como mellora da xestión da universidade. Para isto é imprescindible que as canles de comunicación entre os diferentes colectivos e o equipo de goberno sexan máis eficientes e máis fluídos. Estableceranse formatos de atención informatizados, sinxelos, rápidos e seguros, e estudaranse cos colectivos implicados outras posibles canles de participación e asesoramento sobre os temas que sexan de interese.

Así mesmo como medio de participación e de transparencia o equipo de goberno comprométese a reunirse coa comunidade universitaria de cada centro da Universidade da Coruña unha vez ao curso para escoitar e atender os asuntos específicos dos mesmos.

A transparencia, alén da rendición de contas que a UDC vén facendo desde o ano 2004, será un obxectivo a desenvolver coa publicación dos resumos das actas das reunións dos órganos de goberno e coa retransmisión en streaming das sesións do Claustro Universitario. Para poñer ao servizo da comunidade universitaria e da sociedade os datos da Universidade da Coruña, incrementarase información en open data e a incorporación automatizada dos mesmos.

En canto á transparencia e á accesibilidade da produción de coñecemento, potenciarase o Repositorio Institucional para organizar e difundir en aberto os documentos creados como resultado da actividade académica, docente ou investigadora. A comunicación coa comunidade universitaria e co resto da sociedade ten que ter como obxectivo que se visualice e se recoñeza o traballo de docencia, investigación e de xestión que se fai na Universidade, usando as canles xa existentes ou creando outras novas.

RETOS**MODERNIZACIÓN E EFICIENCIA**

Ideas ↓

A UDC a través do Plan Estratéxico 2015-2020 ten acometido os principais eixos da súa modernización. Ben é certo que a crise económica que padecemos está a poñer límites ás actuacións e ás intervencións previstas. Por isto, e tamén porque é a nosa obriga como institución pública, debemos buscar unha maior eficiencia dos recursos e unha maior simplificación dos procedementos empregados para a xestión da UDC e para o fortalecemento da nosa capacidade docente e investigadora.

Alén das medidas concretas que se tomen neste eido, continuaremos co estudo e revisión da estrutura das unidades académicas e de xestión para impulsar a mellora da calidade docente, a investigación e a eficiencia na xestión. A comisión ampla e altamente representativa cuxa composición foi aprobada en Consello de Goberno, será a encargada de levar a cabo o estudo. Ademais tomaranse medidas, por medios telemáticos, para que se posibilite a participación de persoas alleas á comisión. Será, en calquera, caso, ao Claustro Universitario a quen lle corresponde, tras o debate pertinente, a aprobación das propostas da Comisión, mentres que o Consello de Goberno será o que se encargue da súa execución.

→

RETOS INVESTIGACIÓN COMPETITIVA E CAPTACIÓN DE TALENTO

—
Ideas ↓

O posicionamento da Universidade da Coruña no ámbito da investigación ten mellorado significativamente ao longo destes últimos catro anos, por esta razón agora máis ca nunca debemos intensificar os esforzos para acadar a mellor priorización posible dos nosos obxectivos, mellorar o uso dos nosos recursos de I+D+i e, non menos importante, ser quen de convencer á sociedade que somos parte da solución aos problemas que plantexa a crise. Para isto, debemos intensificar a nosa colaboración co tecido empresarial sentando as bases para o crecemento e creación de riqueza mediante a investigación e a transferencia.

A captación de talento, en todos os eidos, docencia, investigación, xestión, é un dos principais medios de mellora e de dinamización da actividade universitaria. Sen embargo, no contexto actual, a dinamización e o crecemento do persoal dedicado á investigación estase estancando por estar suxeito á temporalidade dos contratos nos proxectos, á diminución dos recursos estatais, autonómicos e mesmo propios e, por fin, a unha lexislación de contratos públicos que dificulta a promoción en todas as etapas da carreira docente.

Malia a unha situación económica adversa e ás presións ás que fomos sometidos, na Universidade da Coruña mantivemos o noso cadro de persoal e fomos quen de crear programas propios como o bERce para asegurar a necesaria renovación e a vitalización da investigación. Sobre este modelo e sobre o semellante autonómico, Oportunius, propoñemos traballar de cara a estes próximos anos.

RETOS TRANSFERENCIA E EMPRENDEMENTO

—
Ideas ↓

O marco estratéxico de desenvolvemento económico e social europeo, Horizonte 2020, marca unha clara liña de actuación que reforza a relación entre investigación, transferencia e innovación. Para dar resposta a este reto propoñemos dúas liñas estratéxicas de desenvolvemento. A primeira consiste en intensificar os esforzos para conectar co tecido produtivo e compartir proxectos coas empresas públicas e privadas, seguindo o modelo do acordo coa empresa Navantia, que deu lugar á Unidade Mixta de investigación, O Estaleiro do futuro. Esta colaboración farase baixo as distintas formas posibles, transferencia de coñecemento, socios tecnolóxicos, creación de spin off, innovación aberta, etc. A segunda liña estratéxica consistirá en incorporar de xeito paulatino a cultura do emprendemento no ámbito académico do alumnado.

RETOS INTERNACIONALIZACIÓN

—
Ideas ↓

O proceso de internacionalización das universidades europeas tense desenvolvido en tres etapas: a mobilidade, a internacionalización dos estudos e unha terceira, a actual que é probablemente a máis complexa e que consiste na colaboración entre institucións de prestixio para deseñar programas académicos conxuntos e afrontar unidos os retos da investigación. A Universidade da Coruña deberá nos próximos anos configurar unha política de alianzas estratéxicas que permitan desenvolver proxectos académicos e de investigación de máximo interese. Alén disto, a Universidade da Coruña debe continuar coa preparación do noso estudantado para favorecer a igualdade de oportunidades respecto ao estudantado doutros países.

Programa de impulso da UDC

- 1 Compromiso coas persoas**
 - 1.1 ESTUDANTADO
 - 1.2 PROFESORADO
 - 1.3 PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- 2 Compromiso de goberno**
 - 2.1 PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E ESTRATÉXICA
 - 2.2 INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE
 - 2.3 CALIDADE E INNOVACIÓN DOCENTE
 - 2.4 INVESTIGACIÓN
 - 2.5 TRANSFERENCIA DE RESULTADOS
 - 2.6 EMPRENDEMENTO
 - 2.7 INTERNACIONALIZACIÓN

- 3 Compromiso social e cultural**
 - 3.1 RESPONSABILIDADE SOCIAL
 - 3.2 OFICINA DE IGUALDADE DE XÉNERO E CENTRO DE ESTUDOS FEMINISTAS E DE XÉNERO
 - 3.3 SUSTENTABILIDADE
 - 3.4 COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO
 - 3.5 CULTURA
 - 3.6 DEPORTE
 - 3.7 DIVULGACIÓN E CULTURA CIENTÍFICA
 - 3.8 PUBLICACIÓNS
 - 3.9 NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 - 3.10 XESTIÓN INNOVADORA E EFICIENTE
 - 3.11 NOVAS TECNOLOXÍAS
 - 3.12 COMUNICACIÓN E IMAXE

1

Compromiso coas persoas

1.1

ESTUDANTADO

O estudantado é obxectivo final de todos os nosos esforzos. En consecuencia, é responsabilidade nosa dar unha resposta de calidade ao desenvolvemento académico, profesional e humano de cada estudante da Universidade da Coruña. Traballaremos para facilitar o acceso e a permanencia na Universidade, garantir a calidade da docencia, consolidar e aumentar os servizos universitarios e mellorar a empregabilidade. Para conseguir estes fins temos a obriga de proporcionar ao estudantado os recursos, as infraestruturas e a organización adecuados.

Nos últimos catro anos fixéronse moitas accións nesta liña, sempre en colaboración co estudantado nun clima de diálogo e de consenso. Algunhas das accións máis salientables foron a conciliación da formación coa vida profesional e familiar coa regulación da figura do estudante a tempo parcial; a revisión das normativas académicas e o seguimento do cumprimento e efectividade das mesmas; o fraccionamento do pago das taxas universitarias; as axudas propias destinadas ao pago da matrícula para o estudantado con dificultades económicas.

Por outra banda, cumpriuse coa ampliación dos traxectos de bus á Área Metropolitana, mais sobre todo logrouse dar satisfacción á longa reivindicación de aloxamentos públicos, a prezos públicos para o estudantado da Universidade da Coruña. En Ferrol, a Residencia Pública Universitaria é unha realidade e, na Coruña, xa se iniciou o procedemento para dotar este Campus dunha residencia.

Reafirmamos a postura da Universidade da Coruña sobre o mantemento dos prezos públicos dos estudos de grao, mestrado e doutoramento. O noso compromiso é reivindicar a dimensión social da política fronte a aquelas medidas que dificultan o acceso e a permanencia do estudantado no Ensino Superior, mantendo e reforzando as axudas, coa fin, como o temos amplamente demostrado, de que ningún estudante quede fóra da universidade por razóns económicas.

Para isto propoñemos:

- Manter a porcentaxe de fondos de axudas destinados a estudantes fronte ao orzamento global liquidado.
- Traballar para a modificación do calendario das probas de acceso de xeito que este se harmonice co calendario universitario.
- Manter e ampliar as actividades relacionadas coa información e a orientación do alumnado do Ensino Medio e do seu profesorado.
- Potenciar campañas de información dos Mestrados Universitarios ao estudantado dos últimos cursos e realizar a súa difusión no ámbito local, estatal e internacional.
- Ampliar a implantación do programa de Mentoring destinado ao estudantado de cursos superiores coa fin de orientar ao estudantado dos primeiros cursos.
- Contar coa participación do estudantado no momento da toma de decisións estratéxicas, mais tamén naquelas de carácter máis cotiá que teñan que ver coa docencia e a calidade da vida universitaria.
- Ampliar a participación e a representación do estudantado abrindo novas formas e novos mecanismos de participación.



- Fomento da participación nos procesos electorais garantindo a información por todos os medios posibles.
- Mantemento da Feira de Asociacións e estudo para ampliar a participación e as actividades ao longo do curso.
- Mantemento das axudas para a realización de actividades culturais, deportivas e de promoción do asociacionismo.
- Fomentar a participación do estudantado nas actividades culturais e deportivas.
- Mellora da comunicación entre as asociacións para a realización de proxectos comúns que permitan optimizar os recursos e obter maior repercusión das actividades.
- Reformular e recuperar o plan propio de bolsas de colaboración para a formación complementaria, gravemente afectado pola situación económica.
- Consolidar o Plan propio de mellora da empregabilidade que comprende actividades de orientación como de formación en emprendemento. Estas actividades serán dirixidas especificamente ao alumnado de cada centro.
- Garantir o asesoramento en modelos de negocios desde o SAPE.
- Consolidar as actividades formativas e prácticas realizadas en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.
- Propoñer e impulsar en colaboración co Goberno Autonómico un Portal de Mediación de emprego dirixido ao conxunto do estudantado galego.
- Propoñer e impulsar en colaboración co Goberno Autonómico a creación dunha rede de prospectores centrados na inserción do conxunto do estudantado galego.
- Manter e consolidar o Observatorio Universitario de Emprego, como ferramenta de prospección e comunicación co tecido empresarial da contorna.
- Revisión da normativa de bolsas da UDC para adecuala ás novas condicións académicas dos Títulos de Grao.
- Mantemento sen cambios dos prezos públicos dos estudos de Grao, Mestrado e Doutoramento.
- Estudo en colaboración coas autoridades correspondentes das condicións do prezo do transporte público para o estudantado da Universidade da Coruña.
- Estudo e xestión en colaboración coas autoridades correspondentes da implantación de traxectos de buses por barrios.
- Seguimento e resolución das posibles disfuncións nos diferentes Campus da UDC para adecuar os horarios académicos cos dos medios de transporte público.
- Estudo da instalación dun comedor universitario común e seguimento da calidade da prestacións de servizos adxudicatarios de concesións.
- Revisión dos trámites e dos procedementos burocráticos das solicitudes máis frecuentes para optimizar as aplicacións informáticas implementadas e simplificar os procesos tanto de solicitudes como da xestión.
- Mellorar o sistema de información e comunicación dirixido ao estudantado.
- Simplificar os accesos á información institucional na web.
- Estudiar novas canles, como a plataforma de participación e optimizar as existentes.

1.2

PROFESORADO

A política de profesorado é a base sobre a que se dá impulso á calidade da docencia, da investigación, da responsabilidade social e da nosa aposta pola internacionalización. Malia un contexto económico e normativo coma actual, cómpre realizar un esforzo especial para acadar a consolidación do persoal docente.

Por isto, debemos manter o plan de promoción mediante a cualificación ás figuras das categorías de persoal docente do artigo 56 da LOU e continuaremos coa progresiva eliminación das figuras de interino de substitución por figuras LOU, nomeadamente axudantes doutores. O colectivo do profesorado permanente doutor debe constituír o núcleo fundamental do PDI da nosa Universidade.

Daráselles, na medida en que os condicionantes normativos e económicos o permitan, prioridade ás políticas de captación de talento e de promoción seguidas nos tres últimos mandatos.

Faremos todos os esforzos posibles para defender que todo o persoal investigador, axudante e axudante doutor acreditado poida ter a oportunidade de concursar a unha praza fixa. Nesa dirección, as liñas programáticas para a política de profesorado destes vindeiros catro anos estrutúranse sobre os seguintes obxectivos:

- Programas de promoción mediante a cualificación ás figuras das categorías de persoal docente do artigo 56 da LOU. Este incidirá na cualificación do persoal, en particular a capacidade investigadora, como criterio de selección, valoración e promoción do PDI.
- Empregar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais como figuras base para formar persoal que ocupe prazas de profesor/a.
- Elaborar un plan que permita incorporar, como axudante doutor/a ou prazas de profesor/a doutor/a permanente, aos investigadores posdoutorais seleccionados mediante os distintos programas de recursos humanos.
- Plan de substitución da figura de Contratado Interino de Substitución e Profesor Asociado acreditado por Axudante Doutor.
- Captación de profesorado sénior e de profesionais para campos estratéxicos da Universidade da Coruña.
- Implantación de mecanismos efectivos de avaliación da actividade docente do profesorado.
- Continuar coa política sobre tamaño de grupos, que permite un ensino máis personalizado. A mellora substancial na redución de estudantes por grupo debería facilitar obxectivamente o proceso de aprendizaxe.
- Fomento do galego na docencia de graos e de mestrados. Continuar coas medidas incentivadoras para o aumento progresivo da docencia en inglés.
- Continuar coa mellora da competencia lingüística xeral do PDI mediante accións e programas de formación de capacitación lingüística do profesorado universitario.
- Elaboración de estratexias e de programas que incentiven as estadias do noso persoal docente e investigador noutras universidades e centros de prestixio. Modificación da normativa de licenzas e sabáticos.
- Establecemento de mecanismos para reducir os desaxustes temporais entre a contratación de profesorado e a súa incorporación ás aulas. Adianto do período de elaboración do PDA/PDO. Creación de listaxes de agarda para a súa substitución.

1.3

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Durante o período 2012-2015 tense traballado conxuntamente entre todos os axentes, sempre por medio do diálogo e da negociación, fundamentalmente no obxectivo decidido de manter o cadro de persoal nun duro contexto de recesión económica, ao tempo de buscar tamén fórmulas para a mellora da carreira profesional.

Fronte a unha situación na que os datos comparativos demostran como na meirande parte de Administracións e Universidades se acometeron procesos de redución do número de empregados públicos, a Universidade da Coruña foi quen de manter o número de efectivos de PAS e de minorar sensiblemente as taxas de temporalidade que existían no ámbito laboral. Os procesos de consolidación do emprego e de funcionarización completados en 2015 son boa mostra deste compromiso na prestación do servizo público universitario. Estes procesos permitiron ademais a homologación das condicións de traballo nun mesmo marco normativo, dos procedementos de xestión e, especialmente, de carreira administrativa. Entre todos fomos quen de cumprir o artigo 91.3 dos Estatutos da UDC e nesta nova revisión da RPT coa apertura a dous grupos dos postos das escalas técnicas, ao igual que están catalogados os das escalas xerais, facilita ademais programar mellor os seus procesos de carreira e promoción profesional.

O novo PFSUG ten que darnos un novo escenario que permita recuperar os dereitos económicos e sociais perdidos, horarios, acción social, revisar as contías de complementos económicos como a produtividade, etc.

É necesario recuperar a ilusión e a motivación recoñecendo e facendo visible o seu labor. Así mesmo, o Persoal de Administración e Servizos da Universidade participou e levou a cabo os necesarios procesos de reorganización administrativa de cara a mellorar os sistemas de xestión académica, de apoio á xestión da docencia e das actividades de investigación.

A formación continua, a prevención de riscos laborais e a mellora tecnolóxica dos procesos de xestión de persoal no Portal do Empregado son tamén accións que recibiron un forte impulso, que debe ter a necesaria continuidade.

Para continuar e fortalecer as accións realizadas, propoñemos:

- Desenvolver un programa de promoción interna 2016-2019 tanto nas escalas xerais como nas técnicas que permita a mellora progresiva da carreira profesional do PAS, conforme ás negociacións que se veñen desenvolvendo neste eido.
- Aprobar as necesarias ofertas de emprego público e concursos de provisión de vacantes que sigan garantindo una xestión normalizada, obxectiva e eficaz en materia de emprego público, asegurando a cobertura de todos os servizos.
- Cumprindo o mandato estatutario revisaremos a RPT para ir adaptando o cadro de persoal ás novas necesidades da institución e ás melloras legislativas.
- Desenvolver un novo Plan de Formación para o período 2016-2020 que dea resposta aos retos do Plan Estratéxico da UDC cara a 2020, de mellorar as competencias profesionais de todas as categorías de PAS e as necesidades formativas que detecte o propio colectivo para a mellor calidade na prestación de servizos. Impulsar novos programas de capacitación profesional en competencias lingüísticas nesa aposta da UDC pola internacionalización (incorporar PAS de universidades estranxeiras en proxectos comúns; crear a figura na RPT "PAS internacional" en cada centro con formación específica) e o apoio ás unidades de investigación.
- Profundar na implantación dos procesos de administración electrónica cunha mellora dos equipos e programas de xeito que axilicen a xestión económica, académica e administrativa.
- Rematar no curso 2016/2017 a elaboración dos catálogos de procedementos de todos os servizos/unidades de cara á elaboración dun manual de competencias que dea soporte a unha xestión cada día máis eficiente, transparente e profesional.



- Impulsar novos programas de mobilidade voluntaria do PAS no ámbito das tres universidades galegas con novos acordos e ampliála ao ámbito internacional.
- Negociar un novo plan de Acción Social coa intención de acadar nestes próximos anos o 1,5% da masa salarial, sempre que o Plan de Financiamento e a evolución financeira e orzamentaria o permitan.
- Avanzar nos programas de conciliación da vida laboral e familiar, contribuíndo a unha mellora das condicións de traballo e maiores niveis de motivación e produtividade, aumentando a flexibilización da xornada laboral máis alá do establecido actualmente, buscando acordos con centros de día, garderías, etc.
- Intensificar os plans de traballo de todos os colectivos en materia de saúde laboral e prevención de riscos laborais co desenvolvemento marco da UDC como Universidade Saudable, e impulsar os protocolos de actuación fronte ao acoso laboral e sexual.

2

Compromiso de goberno

2.1

PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E ESTRATÉXICA

O Claustro da Universidade da Coruña aprobou no ano 2013 o Plan Estratégico UDC (PEUDC2020) que planifica as actuacións máis importantes a realizar ata o ano 2020. Desde este momento, o contexto económico e financeiro da UDC tense clarificado coa aprobación en 2015 do plan de financiamento (PFSUG) que rexerá no Sistema Universitario Galego nos próximos anos.

O clarexamento do marco económico debe ser aproveitado pola nosa universidade para seguir a reivindicar un financiamento público axeitado para afrontar os retos estratéxicos aprobados polo Claustro.

Cómpre salientar, que para o goberno da Comunidade Autónoma, o PFSUG ten a condición de Plan Estratégico, porén esta circunstancia deberá acompañarse co plan estratégico propio da UDC. Os procesos previstos no PEUDC2020 deberán actualizarse en función da metas e das liñas prioritarias marcadas polo goberno da Comunidade Autónoma.

A Universidade da Coruña, sen renunciar á súa identidade como universidade pública, deberá diversificar as súas fontes de financiamento. Non falamos de substituír o financiamento público polo financiamento privado, senón de completar o financiamento público estrutural con ingresos procedentes doutras fontes, que permitan o desenvolvemento dun maior número de actividades e iniciativas de interese para a sociedade.

Actualmente, tense captado financiamento privado para o desenvolvemento de accións en ámbitos prioritarios, como son internacionalización da investigación, a transferencia ou temas relacionados coa docencia. Esta liña deberase continuar e ampliar coa creación de Aulas e Cátedras, polo que a UDC debe impulsar a colaboración con empresas e institucións públicas e privadas para acadar os obxectivos estratéxicos, poñer en valor a súa capacidade tecnolóxica, o seu capital profesional e humano e dar visibilidade á súa imaxe e á súa marca.

Algúns dos puntos prioritarios nesta área son:

- Redefinir os sistemas de reparto a Centros, Departamentos, e Grupos para adecualos ao novo marco de financiamento.
- Compatibilizar os esforzos da comunidade universitaria na mellora da captación de financiamento público coa consecución dos obxectivos estratéxicos aprobados polo Claustro.
- Continuar coa explotación da marca UDC mediante a creación de Aulas e de Cátedras como fonte de recursos complementarios e para estender a identidade da nosa universidade cara ao tecido empresarial e social e a plena identificación da comunidade universitaria coa súa institución.
- Estudar posibilidades de compras centralizadas que faciliten a obtención de economías de escala.
- Analizar os efectos da compra directa de enerxía eléctrica e valorar a posibilidade de estendela a todos os Campus e a outros recursos enerxéticos.
- Establecer grupos de traballo de seguimento de indicadores e deseño de estratexias de mellora.



- Aplicar criterios de custo de mantemento en todas as compras de equipamento e intervención en infraestruturas.
- Engadir novos procesos de xestión económica ao catálogo de trámites da sede electrónica da UDC, facilitando a xestión e reducindo o uso de papel.
- Obter os primeiros resultados de contabilidade analítica tras a validación do modelo da UDC pola IGAE e usalos na busca da eficiencia na xestión.

2.2

INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

Nos últimos anos, malia o contexto económico desfavorable, a UDC foi quen de seguir co impulso de modernización das súas áreas científicas, co remate dunha infraestrutura tan importante como o CICA ou a ampliación do CITEEC, ademais de aproveitar axudas públicas para a dotación de equipamento científico punteiro destinados aos diferentes grupos de investigación da universidade. O noso compromiso será acompañar aos grupos na posta en marcha os espazos e das actividades que se van desenvolver.

A existencia dunha residencia universitaria pública no Campus de Ferrol e en proxecto no Campus da Coruña é resultado da colaboración e da coordinación da UDC coas diferentes administracións públicas. Este labor de cooperación permitiu dar cumprimento á reivindicación histórica da nosa universidade de que a comunidade universitaria dispoña de residencias públicas con prezos públicos.

Este logro marcará un punto de inflexión tanto na consideración da UDC como universidade pública como na influencia segura que terá na captación de estudantes, de investigadores e na internacionalización.

Sempre en coordinación cos gobernos locais, os esforzos no ámbito das infraestruturas nos Campus deberán ir encamiñados cara a unha naturalización pautada do espazo público para favorecer a interrelación entre os axentes implicados na docencia e a investigación e, tamén, cara á implementación dunha mobilidade máis sostible e unha diminución dos custos de mantemento.

Medidas:

- Estreitar a colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña na reforma do Calvo Sotelo a súa transformación e dotación da que será a primeira residencia pública universitaria da Coruña.
- Rematar as obras en proceso.
- Promover o uso compartido das infraestruturas docentes e os servizos.
- Remodelar progresivamente o espazo dos Campus para acondicionar os servizos ás necesidades da comunidade universitaria e facilitar a convivencia.
- Incrementar as áreas verdes e estanciais con poucos requirimentos en canto a mantemento.
- Reordenar os viarios e os ámbitos de estacionamento para favorecer a mobilidade peonil dentro dos Campus.
- Contribuír á humanización do campus coa xeración de ámbitos de relación e socialización nos Campus.
- Reordenar o mobiliario urbano.
- Elaborar un plan sostible de mantemento dos edificios, dando prioridade a actuacións e pautando actividades de mantemento básico que permitan alargar a vida e confort das edificacións.



- Intervencións no arborado e xardinería vinculados á mellora do confort térmico e a sustentabilidade asociados á “arquitectura pasiva”.
- Propiciar os Campus como espazo de demostración de novas formas de edificación experimental.

2.3

CALIDADE E INNOVACIÓN DOCENTE

A Universidade da Coruña ten realizado nestes últimos anos un grande esforzo para integrar o conxunto das súas titulacións no Espazo Europeo de Educación Superior, coa elaboración e implantación de novos plans de estudo, o fomento de novas metodoloxías docentes e máis cambios organizativos que facilitan a aprendizaxe neste novo contexto.

Esta transformación non tería sido posible sen a participación e a colaboración de toda a comunidade universitaria, que tivo que suplir con esforzo e traballo a ausencia dun marco normativo estable e, ás veces, do necesario apoio material e metodolóxico.

Non obstante, na actualidade a Universidade da Coruña, dispón dunha oferta docente consolidada e preparada para dar resposta con garantía ás necesidades e requirimentos presentes e futuros e para ter un papel decisivo na acción educativa e cultural que demande a sociedade. Un bo exemplo son as propostas dos novos Mestrado Universitario en Bioinformática ou o Mestrado Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético, actualmente en proceso de verificación, altamente especializados.

O impulso dado á implantación dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC) permitiu que todos os Centros da UDC posúan neste momento os SIGC certificados. Ademais, sete Centros teñen certificada a súa implantación pola Axencia Avaliadora, o que facilitará os futuros procesos de acreditación de Centros.

Así mesmo, a Universidade da Coruña participou activamente no proceso de acreditación dos Títulos, integrándose nas experiencias piloto, de xeito que a nosa institución é, entre as do Sistema Universitario Galego, a que posúe o maior número de Títulos de Grao e de Mestrados Universitarios acreditados.

A nosa aposta cara ao futuro consiste en seguir avanzando nos procesos de desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe mediante a renovación metodolóxica e tecnolóxica. Tamén consideramos indispensable axustar, na medida do posible, a nosa oferta formativa ás necesidades do contorno, con especial atención á crecente demanda de formación ao longo da vida incardinada cara a excelencia dos nosos Mestrados Universitarios. A oferta académica completárase con programas que favorezan a adquisición de competencias transversais co obxectivo de mellorar a empregabilidade dos nosos egresados. A internacionalización de todos os nosos títulos e, especialmente, dos estudos de Doutoramento tamén será unha das metas que pretendemos acadar nestes próximos anos. Para garantir a calidade da oferta académica, propoñemos:

- Mellorar e incrementar as accións de comunicación coas etapas non universitarias da educación intensificando a implicación e a relación do profesorado de ensino non universitario para favorecer a permeabilidade entre niveis educativos.
- Dotar á UDC dun plan específico de captación de estudantes de grao e mestrado, á vez que se impulsan os títulos internacionais e os dobres títulos.
- Continuar e mellorar a simplificación dos procesos de seguimento dos Títulos como garantía de renovación e actualización da oferta académica da UDC.
- Impulsar a obtención de selos europeos de acreditación de títulos, EURO-Ace e EURO-Inf, a través do programa Acredita plus de ANECA.
- Consolidar os Títulos de Grao, con especial atención á mellora da xestión e realización dos TFG.
- Establecer contornos de aprendizaxe interactivos e estimulantes que faciliten o desenvolvemento das competencias de cada titulación.



- Diseñar unha oferta formativa asociada ás áreas de especialización dos Campus da UDC.
- Mellorar e adecuar a oferta académica co desenvolvemento e a implantación de Mestrados Universitarios de calidade con competencias profesionais, altamente especializados e con alta demanda social.
- Consolidar a Escola Internacional de Doutoramento co impulso de oferta de doutoramentos internacionais e de excelencia para incrementar o número de teses de doutoramento internacionais.
- Potenciar o uso de novas ferramentas tecnolóxicas e metodolóxicas para a docencia non presencial, coa creación da Unidade de Teleformación para o asesoramento e o apoio ao PDI de cara a produción de materiais para a formación en liña.
- Potenciar as prácticas en empresas, locais, estatais e internacionais.
- Impulsar desde os planos de estudos as competencias transversais que mellorarán a empregabilidade do estudiantado, especialmente nos títulos con competencias profesionais.
- Implantar un programa específico de formación continua que permita procesos de actualización e reciclaxe dos profesionais que faga realidade a formación ao longo da vida, en colaboración con empresas e organización empresariais.
- Comprobar os resultados da nosa formación, co seguimento da empregabilidade dos egresados de Grao, Mestrado e Doutoramento a través de Observatorio Ocupacional da UDC.

2.4

INVESTIGACIÓN

Os avances realizados no eido da investigación estes últimos anos na Universidade da Coruña quedan patentes nas medidas que se tomaron para a mellora da xestión, da coordinación e do fomento da masa crítica de solicitudes.

Reforzouse o Servizo de Investigación para dar apoio aos investigadores coa creación da Sección de Coordinación da Investigación, que se ocupa das solicitudes de proxectos e axudas no ámbito autonómico e estatal e, tamén, coa creación da Unidade de Apoio a Europa que contempla os proxectos de ámbito internacional, en especial os relacionados co Plan Horizonte 2020.

Esta estratexia tivo uns resultados moi positivos, xa que a UDC aumentou significativamente a súa concurrencia a proxectos internacionais, acadou un proxecto concedido polo prestixioso European Research Council e, ademais, está a liderar diversos consorcios europeos cunha dotación orzamentaria moi alta, incrementando así a captación de recursos externos.

O Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), resulta un excelente exemplo da colaboración entre a UDC e outras entidades. Foi creado pola nosa universidade e polo SERGAS, con sede no CHUAC, e acaba de se acreditar como Instituto de Investigación Sanitaria polo Instituto de la Salud Carlos III (ISCIII).

Alén disto, o acordo acadado entre as tres universidades do Sistema Universitario Galego e as Consellerías de Educación e Sanidade, permite que os profesores da titulación de Medicina da USC poidan, en determinadas condicións subrogar os seus contratos pola UDC. Isto permite reforzar o INIBIC e estreitar a súa colaboración cun abano máis amplo de grupos de investigación.

Así mesmo, a aposta pola calidade na avaliación dos Grupos, Unidades e Investigadores individuais que vén realizando a ANEP, permitiu un financiamento plurianual facilitando a planificación de gastos e minorando os procedementos de avaliación e xestión.

Para seguir profundando e mellorando a investigación na UDC e manter o progreso cuantitativo e cualitativos que se vén dando, propoñemos:



- Estreitar o vínculo, en materia de investigación, entre o INIBIC e a UDC, especialmente co Centro de Investigación Científicas Avanzadas, CICA, que acaba de recibir unha axuda como agrupación estratéxica, mais tamén con outros grupos de interese comúns.
- Atraer financiamento privado para realizar, na UDC, un programa de captación de investigadores posdoutorais, aliñado co actual programa bERCe (UDC) e o Oportunus (Axencia Galega de Innovación, Xunta de Galicia).
- Promover xornadas de encontro entre os grupos existentes na UDC coa fin de favorecer o coñecemento mutuo e fomentar a colaboración interdisciplinar.
- Desenvolver un programa de apoio a doutoramentos industriais en colaboración con entidades públicas ou privadas.
- Mantemento do reforzo do persoal de administración e servizos e procura da súa estabilización na OTRI, nomeadamente na Unidade de Apoio a Europa, que serve de axuda na concorrencia a convocatorias europeas.
- Traballar no fortalecemento dos centros do parque científico-tecnolóxico da UDC para que entren a formar parte dos centros singulares ou agrupacións estratéxicas da Xunta de Galicia.
- Promover a presenza en Bruxelas dun/ha representante que dea apoio ás tres universidades galegas.
- Mellorar e fortalecer os servizos de imaxe da UDC de cara ao exterior en materia de investigación.

2.5

TRANSFERENCIA DE RESULTADOS

A relación universidade-empresa basease esencialmente na transferencia de coñecemento. Este aspecto, como é sabido, resulta fundamental porque permite a xeración de riqueza no contorno inmediato. A UDC tense apoiado no cambio e na actualización da normativa para facilitar e estreitar a colaboración entre a universidade e o tecido empresarial.

Así, a UDC actualizou a súa normativa, por exemplo á relativa aos contratos de transferencia tecnolóxica regulados polo artigo 83 da LOU. Isto permitiu que se asinaran novos convenios para a xestión delegada con axentes moi salientables neste eido: a Fundación Universidade da Coruña, a Fundación Empresa-Universidade Galega, a Fundación de Enxeñaría Civil de Galicia, a Fundación Profesor Novoa Santos, o Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, asinado moi recentemente.

A nova ordenación normativa para a creación de empresas de base tecnolóxica facilitou que a UDC participase no capital social de nove empresas de base tecnolóxica de nova creación e, tamén que tres novas empresas teñan a condición de empresa asociada da UDC.

Outra das implicacións do cambio normativo resultou na creación de Aulas e Cátedras institucionais con catro novas iniciativas: a Aula Repsol, a Aula Fundación Paideia, a Aula Compañía de Tranvías e a Cátedra HM Hospitais de Traumatoloxía do Deporte.

Mais hai que salientar sobre todo a creación da primeira Unidade Mixta de Investigación, O estaleiro do futuro, que constitúe unha base firme de colaboración entre UDC e a empresa Navantia para o desenvolvemento conxunto da investigación relacionada coa mellora dos procesos do estaleiro 4.0. A dotación deste proxecto acada os 2.300.000 euros, cunha parte aportada pola Axencia Galega de Innovación.

Así mesmo hai que salientar no ámbito da transferencia a experiencia acadada pola UDC a través do proxecto A-TEMPO. Cun orzamento de 3.200.000 euros achegados nun 80% polo MINECO de fondos europeos, este proxecto permitiu á UDC poñerse na vangarda das universidades do Estado na utilización da chamada Compra Pública de Innovación. Trátase dun instrumento do que se prevé farán uso crecente as administracións públicas, no que as universidades teñen importantes oportunidades de colaboración e de financiamento.



Alén de seguir consolidando os logros para estes próximos catro anos, propoñemos:

- Impulsar á creación dunha segunda Unidade Mixta de Investigación (UMI) en colaboración con algunha empresa.
- Implicarse noutros proxectos relevantes de Compra Pública de Innovación, promovidos polas administración central e autonómica.
- Dotar os centros tecnolóxicos da UDC dos recursos de persoal e técnicos para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Especializar o campus de Ferrol no ámbito oceánico e industrial, consolidando o marco de accións como o proxecto A-TEMPO e a unidade mixta de investigación de Navantia e a UDC. Isto permitirá acceder ás axudas da Xunta de Galicia en materia de especialización do campus.
- Consolidar e crear Aulas e Cátedras Institucionais, considerando especialmente as empresas galegas.
- Ampliar o número de spin offs creadas na UDC e daquelas participadas pola UDC no seu capital social.
- Establecer acordos entre a UDC a outras institucións en materia de viveiros de empresas.

2.6

EMPRENDEMENTO

Os datos do desemprego da xente nova en España e en Galicia en particular son preocupantes. Ante esta situación agora máis que nunca a universidade debe implicarse e propoñer o desenvolvemento de actividades de formación de calidade que fomenten a predisposición e a motivación do alumnado para emprender e converterse en motor de riqueza e outras medidas para a mellora da empregabilidade. Para isto propoñemos:

- Continuar coa colaboración con entidades públicas e privadas que fomentan o desenvolvemento das iniciativas de empresa de base tecnolóxica.
- Un plan propio de concurso de ideas destinado ao estudiantado.

2.7

INTERNACIONALIZACIÓN

Unha universidade de calidade e con garantía de futuro ten que ser forzosamente unha universidade de dimensión internacional en todos os ámbitos posibles. A Universidade da Coruña ten avanzado moito neste campo. Entre os avances significativos, cómpre subliñar a implantación de titulacións internacionais de Grao e de Mestrado en colaboración con universidades estranxeiras de grande prestixio. Así mesmo a oferta académica plurilingüe constitúe un fito na internacionalización da UDC.

O impacto destas medidas incide directamente sobre a internacionalización curricular ao mellorar as competencias lingüísticas dos noso estudiantado e elevar o atractivo da UDC para o alumnado estranxeiro.

Por outro lado, a mobilidade internacional segue a ser a base do proceso de internacionalización. Non obstante, unha grande parte da comunidade universitaria non chega, por razón diversas, a participar nos programas de mobilidade internacional. Por esta razón implantouse a International Summer School, que permite ter acceso á internacionalización e a interculturalidade a todos os membros da comunidade educativa dentro da Universidade da Coruña.



O incremento de estudantes estranxeiros e de profesores estranxeiros, como axentes con alta capacidade de internacionalizar a universidade desde dentro, tamén segue a ser un reto para a UDC. Xunto a esta estratexia de base, habería que consolidar a colaboración con outras institucións para deseñar e captar proxectos internacionais, en países da UE mais tamén noutras áreas estratéxicas, como poden ser os países iberoamericanos ou lusófonos.

Para conseguir a consolidación e ampliar o ámbito de internacionalización da nosa universidade resulta indispensable tratar a internacionalización dos servizos e das administracións dos Centros e reforzar os servizos internacionais.

- Completar a oferta de titulacións plurilingües e con docencia en inglés.
- Mellorar os incentivos dos profesores con docencia en inglés e os procesos de acreditación lingüística do profesorado.
- Incrementar a oferta de titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais, de Grao e de Mestrado.
- Fomentar a participación de PDI e PAS coa fin de acadar máis e mellor calidade da mobilidade.
- Acadar o 7% de mobilidade internacional de estudantes.
- Participar en máis programas específicos de mobilidade internacional para estudantes e profesores e PAS.
- Consolidar e ampliar a mobilidade con acreditación lingüística para maior aproveitamento.
- Fomentar a empregabilidade internacional incrementando o número de prácticas no estranxeiro a través de programas específicos
- Captar estudantes estranxeiros fóra dos programas de mobilidade.
- Captar profesores estranxeiros coa creación dun Programa propio de atracción de profesores estranxeiros.
- Consolidar a International Summer School da UDC convertíndoa nun referente das escolas internacionais de verán.
- Internacionalizar os Campus da UDC coa organización de máis actividades, como as feira internacionais ou as Staff Weeks, para promover a internacionalización e a interculturalidade da comunidade e facer máis atractiva a UDC cara ao exterior.
- Internacionalizar os servizos da UDC, tomando as medidas axeitas para o facer, como pode ser incorporar PAS de universidades estranxeiras en proxectos común; incorporar bolseiros Erasmus +; ou crear a figura "PAS internacional" en cada Administración de Centro, con incentivos e con formación específica.
- Reforzar o Centro de Linguas como punto neuráxico dos procesos de aprendizaxe e acreditación idiomática da comunidade universitaria. Cursos de idiomas para todos en máis idiomas (chinés, árabe...) e organización de cursos ad hoc para grupos con necesidades concretas na comunidade universitaria.
- Establecer a acreditación lingüística dos estudantes que se gradúen na UDC.
- Captar estudantes estranxeiros para cursos de lingua galega e española.

3

Compromiso social e cultural

3.1

RESPONSABILIDADE SOCIAL

A universidade, alén de formar excelentes profesionais, ten a obriga de contribuír á formación dunha sociedade comprometida, solidaria e crítica. Entre as accións que se teñen desenvolvido estes últimos catro anos están a cooperación, a sustentabilidade, a igualdade, integración e a saúde, coa adhesión da UDC á Rede de Universidades Saudables.

Así mesmo, tense colaborado coa Consellería de Educación na inserción de titulados de Ciclos Superiores recentes coa creación dun premio ao emprendemento que converteu o local da Cafetería do Campus de Ferrol nun viveiro de empresas en réxime de cooperativa.

A UDC ten demostrado amplamente o seu convencemento da necesidade de fomentar unha cultura da non discriminación e da igualdade. Desde hai anos a Unidade de Atención á Diversidade vén asesorando e atendendo tanto ás persoas con diversidade funcional como ao seu entorno. Alén das axudas e da atención ao estudantado, téñense realizado actividades de sensibilización, formación da comunidade universitaria relacionadas cos dereitos, vivencias e necesidades das persoas con diversidade funcional.

Para seguir mantendo o alto nivel de atención da UDC con respecto á integración, propoñemos:

- Buscar colaboracións con entidades públicas ou privadas para o desenvolvemento de accións singulares relacionadas coa integración.
- Manter e fortalecer a actividades xa existentes.
- Estudar propostas de mellora para a accesibilidade da información institucional na web.
- Convocar un premio que dea visibilidade ao traballo dos docentes na accesibilidade das súas materias.

3.2

OFICINA DE IGUALDADE DE XÉNERO E CENTRO DE ESTUDOS FEMINISTAS E DE XÉNERO

En materia de igualdade a Universidade ten aprobado nestes últimos catro anos o I Diagnóstico de Igualdade, o I Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes da Universidade da Coruña e o Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo. Así mesmo, a petición dos representantes do estudantado, o Consello de Goberno aprobou, o día 27 de maio de 2014, unha Declaración institucional polo Día internacional do orgullo lésbico, gai, transexual, bisexual e intersexual ao abeiro da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Derivadas destas normativas, as nosas propostas son:

- Dar visibilidade á contribución das mulleres ao coñecemento.
- Fomentar a participación e o liderado das mulleres nas actividades de investigación, dirección e coordinación.
- Promover e facilitar a conciliación entre a vida familiar e laboral das mulleres e dos homes.
- Desenvolver estratexias para o equilibrio entre mulleres e homes nas distintas titulacións.



- Impulsar o traballo do Centro de Estudos de Xénero e Feministas cara a convertelo nun referente dos estudos e as investigacións no seu ámbito.

3.3

SUSTENTABILIDADE

No eido da responsabilidade cara á sociedade, debe ser unha prioridade o compromiso da UDC na busca de solucións a actual crise ambiental e ao desenvolvemento sustentable. As accións levadas a cabo pola Oficina de Medio Ambiente e a grande repercusión que tiveron, como é o caso da implantación da hortas urbanas ou do desenvolvemento do Programa Green Campus, amosan a necesidade de seguir a profundar desde as titulacións e a investigación nas técnicas, nos coñecementos e nas actitudes que repercutan e amplifiquen a responsabilidade ambiental da UDC. Para acadar este obxectivo deberase avanzar, no só na formación e na divulgación, senón tamén na planificación ambiental e na modernización da xestión ambiental nos Campus e nos Centros.

Para seguir avanzando na definición da política ambiental da UDC, propoñemos:

- Conseguir a cualificación Green Campus para a UDC, estendendo o programa aos Centros e ampliando a súa implantación.
- Crear a Comisión Ambiental como órgano de participación da comunidade universitaria nas decisións e estratexias da OMA.
- Continuar co plan de recollida selectiva de residuos, ampliando o número de Centros que participan, incrementando os tipos de lixo que se recollen e a porcentaxe de reciclado de residuos.
- Elaborar campañas de sensibilización da comunidade universitaria en cuestións de impacto ambiental.
- Impulsar e dar apoio aos Centros para a elaboración dun plan ambiental coa fin de implantar medidas que permitan a redución do consumo de enerxía e de auga e fomentar o uso de fontes de enerxía renovables.
- Promover a compra e contratación verdes (formación, guía de apoio, obxectivos etc.).
- Mellorar as instalacións de rego e de iluminación para lograr un consumo de recursos sustentable e respectuoso mirando tamén os custos do mantemento.
- Incorporar novos centros ao Green Campus como canalizador de implantación nas comunidades educativas de políticas sustentables e de respecto ao medio ambiente.
- Promover, en colaboración coas autoridades competentes en mobilidade, o acceso aos Campus en transporte colectivo ou en vehículos non motorizados, por medio de carrís bici ou accesos peonís.
- Promover, en colaboración coas autoridades competentes, o planeamento de novos accesos onde aínda non están deseñados.
- Solicitar aos Concellos a instalación de bases dos sistemas municipais de bicicletas nos Campus.
- Reforzar os medios humanos e materiais da OMA como medio para cumprir os obxectivos propostos.

3.4

COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

A misión da Oficina de Cooperación e Voluntariado, OCV, tense que continuar e reforzar máis aínda para dar cabida ás novas necesidades da sociedade. Para dar resposta á demanda de participación e de solidariedade por parte dos membros da comunidade universitaria a OCV ten implantado e ampliado programas tanto no ámbito local como no global. Pretendemos reforzar este compromiso social e que a toda a comunidade se implique neste proceso de ampliación. A Universidade da Coruña adhiúse á Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), creada en 2014 e que representa un fito no esforzo para crear consorcios europeos para proxectos internacionais de cooperación, e para asesorar a grupos que concorren a convocatorias nacionais e internacionais de cooperación ao desenvolvemento.

Para continuar e fortalecer as acción de cooperación e voluntariado, propoñemos:

- Fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade, a través de Proxectos de voluntariado en Educación para o Desenvolvemento e sensibilización; proxectos de aprendizaxe/Servizo na comunidade universitaria; proxectos de voluntariado con ONGD.
- Potenciar a participación da comunidade universitaria nos proxectos de cooperación universitaria ao desenvolvemento: convocatorias propias de Proxectos de Coñecemento da Realidade para o alumnado e de Proxectos de Coñecemento da Cooperación para o PDI e o PAS.
- Concienciar á comunidade universitaria da súa responsabilidade para responder a situacións de emerxencia/solidariedade: accións relacionadas coa Educación para o Desenvolvemento e coordinación de proxectos relacionados coas persoas refuxiadas.
- Consolidar a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), fomentando a investigación no eido do desenvolvemento e a cooperación e a implicación e formación dos PDI e PAS neste ámbito.
- Fortalecer as relación institucionais cos Concellos da Coruña e Ferrol e con outras institucións cara á implementación de programas conxuntos, como o proxecto de aloxamento interxeracional.

3.5

CULTURA

A proxección cultural e deportiva é un dos obxectivos estratéxicos da nosa Universidade, como servizo público. Aínda que dirixida ao conxunto da comunidade universitaria e orientada á sociedade en xeral, o estudiantado é o principal activo destas actividades, xa que a formación integral en valores sociais e culturais resulta tan importante como a súa aprendizaxe profesional.

Ao longo destes últimos anos a universidade ten cumprido o seu obxectivo de facer de NORMAL un verdadeiro espazo de intervención cultural onde converxen novas linguaxes artísticas, vinculadas á experimentación contemporánea. A programación diferente e interdisciplinar ten atraído á universidade, e tamén no ámbito da cidade, activistas culturais, xente nova, galega, dándolle sona a un espazo cultural universitario que salienta pola singularidade da súa produción e dos seus proxectos.

A apertura en 2012 do Centro Cultural Universitario no Campus de Ferrol que integra as actividades culturais, deportivas e de voluntariado, liga tamén todas estas actividades culturais e deportivas coa vida pública e permite a interacción coa cidadanía no sentido máis amplo. Para os próximos anos proponse:

- Traballar nesta mesma liña crítica e inconformista ampliando as alianzas e as colaboracións con entidades públicas e privadas.
- Manter os cursos de verán de calidade seguirá a ser un obxectivo central.
- Incrementar a oferta de actividades culturais no Campus de Ferrol.



- Dotar a Aula Náutica do equipamento adecuado para o seu uso como espazo multifuncional.

3.6

DEPORTE

A práctica deportiva na Universidade da Coruña ten experimentado un aumento significativo neste últimos anos. Isto significa un incremento notable dos usuarios e resulta ser un síntoma de que a UDC vai acadando o obxectivo de universalizar a práctica do deporte nas súas tres grandes definicións: saudable, competitivo e recreativo. Para seguir avanzando propoñemos:

- Continuar co impulso do deporte nacido na propia universidade e abrir novas canles de participación da sociedade en xeral.
- Mellorar o sistema de xestión para optimizar os recursos.
- Establecer un plan plurianual para o uso e mantemento compartido das instalacións deportivas cos Concellos e demais axentes implicados.
- Mellorar e consolidar os plans específicos de Muller e Deportes, Actividade Física e Saúde e Formación.
- Optimizar a coordinación tanto na formación como no uso de recursos coa Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.
- Aumentar a participación do estudantado, PAS e PDI en todo tipo de actividades.

3.7

DIVULGACIÓN E CULTURA CIENTÍFICA

Conscientes da importancia de achegar o coñecemento científico á sociedade, a Unidade de Divulgación e Cultura Científica da Universidade da Coruña vén desenvolvendo unha serie de actividades que teñen cada vez maior proxección. En colaboración con entidades públicas e privadas téñense realizado feiras destinadas a un público escolar, actividades de animación e difusión de eventos. Tense consolidado o ciclo de conferencias A UDC explica os Nobel e estase a participar en diferentes actividades de divulgación tanto no ámbito local como no estatal.

A comunicación científica segue a ser un reto para as universidades, como vén de ratificar o grupo de I+D+i da CRUE coa recente creación do Grupo de Divulgación e Cultura Científica. Porén precisamos darlle maior visibilidade á Unidade de Divulgación Científica como medio de dar a coñecer á sociedade qué somos e qué facemos, mais tamén para xerar un espazo de encontro entre a ciencia e a sociedade, con especial atención á xente nova. Para lograr isto propoñemos:

- Consolidar as actividades implantadas como son as charlas temáticas nos Centros de Ensino Medio ou o ciclo A UDC explica os Nobel.
- Seguir a colaborar e ampliar as colaboracións coas entidades públicas e privadas do noso contorno.
- Crear unha rede de actividade e de persoas implicadas na divulgación.
- Concursos e premios anuais baixo diferentes formas dirixidos a maiores de dezoito anos.
- Exposicións itinerantes destinadas aos colexios e institutos do contorno inmediato.
- Campamentos de verán científicos, tecnolóxicos ou literarios.

3.8

PUBLICACIÓNS

O Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña ten posto en marcha un programa de modernización dos procesos de publicación propio. Así creouse unha plataforma OJS de revistas dixitais, á que xa se incorporou a maioría de revistas científicas publicadas na UDC, e os sistemas de mantemento, asesoramento e incidencias que a complementasen. Tamén para darlle unha maior visibilidade ás publicacións, adoptouse un sistema de atribución de identificadores DOI para as publicacións dixitais da UDC, e creáronse os sistemas de asesoramento e os protocolos necesarios, apoiando a creación de varias revistas científicas novas. Iniciouse a modificación da páxina web do SPU e promoveuse a colaboración entre o SPU e outros servizos da UDC; o SPU colabora cos servizos bibliotecarios no enriquecemento do repositorio da UDC.

Propoñemos:

- Avanzar na adopción de protocolos que garantan a calidade dos procesos editoriais; para a xestión destes, estudárase a instalación do sistema Open Monograph Press.
- Mellorar e diversificar os métodos e vías de distribución das nosas publicacións.
- Promover a edición dixital e a edición baixo demanda das obras do catálogo.
- Crear un fondo de obras de acceso libre e gratuíto, baseada inicialmente en títulos históricos do catálogo da UDC.
- Actualizar as coleccións hoxe existentes e estudar a viabilidade dalgúns novas: sobre divulgación científica, materiais de apoio á xestión e a administración, working papers vinculados a grupos de investigación...
- Profundar no proceso de conversión das revistas da UDC a formato dixital, e apoialas na mellora da súa calidade e visibilidade.
- Apoiar o SPU cos recursos materiais e humanos necesarios para cumprir os seus obxectivos e para atender os novos modos de edición e distribución.
- Facilitar a colaboración entre o SPU e outros servizos da UDC.
- Promover acordos puntuais de colaboración editorial con entidades e organismos públicos e privados.

3.9

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En materia de Normalización Lingüística, alén de continuar coas liñas de traballo e a dinamización para o desenvolvemento do Plan de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña que detalla as estratexias e os procedementos xerais, procederemos a completar e ampliar os medios para profundar no uso da lingua galega. Para iso, propoñemos:

- Implantar os itinerarios lingüísticos multilingües na docencia, en colaboración cos centros e departamentos, en execución do acordo da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística de 22 de xuño do 2015.
- Aumentar, como consecuencia da implantación de itinerarios a capacitación lingüística a todos os niveis, mediante o reforzamento de materiais docentes en lingua galega e a formación continua.
- Apostar e desenvolver os medios para a utilización do galego como lingua de investigación científica, a través da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Estudo da creación dun repositorio ou biblioteca científica en lingua galega.

3.10

XESTIÓN INNOVADORA E EFICIENTE

Os avances realizados en materia de normativa ao longo destes catro anos, deben ser completados e mellorados co desenvolvemento dos procesos administrativos que detallamos a continuación:

- Mellora da calidade normativa: as novas obrigas de actualización normativa contidas na disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do sistema universitario de Galicia, aconsellan elaborar un regulamento de elaboración de normas internas da UDC, no que se combinen regras de calidade técnica (neste sentido, poden servir como guía as directrices normativas aprobadas pola Xunta de Galicia, DOG nº 219 do 14 de novembro do 2014), coa mellora dos mecanismos de audiencia e participación da comunidade universitaria.
- Así mesmo, cómpre adaptarnos á Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, así como ás recentemente publicadas leis 39/2015, de procedemento administrativo común, e 40/2015, e de réxime xurídico do sector público. Especial atención merece a nova regulación da administración electrónica, o réxime dos órganos colexiados e a regulación básica dos convenios, que obrigará a adaptarnos mediante unha normativa específica no prazo dun ano.
- Elaboración dun regulamento de exercicio da potestade disciplinaria. Nos últimos anos, o exercicio da potestade disciplinaria deixou de ser algo inédito na nosa Universidade. A súa utilización sensata é unha ferramenta imprescindible para a calidade do servizo público de ensino superior. Unha vez aprobados o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro) e a Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, faise necesario introducir unha normativa específica, que adapte ás especificidades do ámbito universitario o procedemento para o exercicio desta potestade respecto dos tres sectores da nosa comunidade (profesores, PAS e alumnos), dándolle a máxima seguridade xurídica.
- Apoio ao desenvolvemento da e-administración, mediante o desenvolvemento do TEO e da sinatura electrónica nun contexto crecente de interoperabilidade; a regulación e impulso dunha aplicación informática que permita a reunión e constancia telemática dos consellos de departamento; apoio ao desenvolvemento do rexistro electrónico e dos procedementos administrativos en liña. En especial, incorporación da UDC á plataforma Lexnet.
- En materia de arquivo e acceso á información, cómpre continuar o traballo de avaliación das series documentais da UDC, desenvolvendo a adaptación do noso arquivo ao arquivo electrónico e a interoperabilidade de datos. É necesario neste sentido avanzar na dixitalización das actas do Consello de Goberno e do Claustro, acrecentando os fondos audiovisuais e fotográficos históricos da UDC. Por último, continuarase coa política de depósito de fondos documentais, arquivísticos e bibliográficos privados especializados.

3.11

NOVAS TECNOLOXÍAS

Nestes últimos anos, a modernización e a optimización dos servizos, proporcionada polo Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) da UDC, tense extendido e ampliado malia as restricións económicas. As melloras que se fixeron atinxen un amplo abano de funcións e obxectivos que facilitan a xestión académica, investigadora e económica.

Entre as melloras, cumpre salientar as relativas á implementación e renovación das infraestruturas que poñen a UDC á cabeza das Universidades do Sistema Universitario Galego canto á actualización e capacidade do seu Centro de procesos de datos, con un 90% dos servidores virtualizados.

Outra grande aposta tecnolóxica consistiu na implantación dos escritorios virtuais (VDI). O sistema de virtualización de escritorios da UDC, un dos máis avanzado das universidades no ámbito estatal, permite aforrar enerxía, axilizar o desenvolvemento de novos servizos e a resolución de incidencias.



Os servizos ofertados á comunidade universitaria melloraron grazas a automatización dos procesos de matrícula ou a sinatura dixital de actas. A implantación do Portal do Empregado (persoal.udc.es) e do Portal Económico supoñen tamén un grande avance canto á xestión de solicitudes de formación, xestión de ausencia, etc., ou, no caso do portal económico, para facilitar e axilizar os trámites aos Centros de gasto e aos investigadores principais de proxecto. A contabilidade analítica e os cambios normativos consecuentes para a implantación da e-Factura tamén foron implementados.

Canto á telefonía, renovouse o servizo da rede para poder empregar a telefonía IP de números directos, de xeito que se pode asignar un número público a cada unha das extensións internas da Universidade e se automatizou a actualización do directorio telefónico (directorio.udc.es).

Automatizaronse as solicitudes das distintas axudas ao estudo para axilizar o procesamento das solicitudes e a comprobación dos datos académicos e económicos que se requiren.

Para dar apoio tecnolóxico á docencia implantáronse no conxunto dos Centros a xestión de calendarios docentes, de titorías e reserva de espazos (espazos.udc.es). Pero sobre todo, actualizouse o Campus Virtual de fontes abertas (moodle.udc.es) para mellorar a xestión de contidos e os servizos que ofrece. A xestión das guías docentes (guiadocente.udc.es) quedaron adaptadas aos novos grados e as esixencias de acreditación dos Títulos. Completouse o apoio no ámbito académico co Portal de Estudos (estudios.udc.es). Esta ferramenta simplifica a consulta e a información sobre a oferta formativa da UDC e ademais facilita a información necesaria para os procesos de acreditación dos Títulos. A actualización desta información faise en tempo real.

O apoio tecnolóxico á labor e difusión investigadora sustentouse na posta en marcha do Portal de Investigación (investigacion.udc.es) que recolle e presenta a actividade investigadora dos Grupos e dos Departamentos e a ficha individual do PDI (pdi.udc.es). A isto, engádese unha web corporativa baseada nun xestor de contidos libre. Implantouse tamén o sistema de xestión curricular dos investigadores (suxi.udc.es) para a xestión dos currícula de investigación individuais. Estes currícula pódense xerar en diversos formatos: o currículum vitae normalizado (CVN), o CV abreviado, así como os de Grupos, Institutos e Departamentos.

Así mesmo mellorouse e actualizouse o Repositorio da Universidade da Coruña (ruc.udc.es) que recolle, difunde e preserva as publicacións dixitais, produto da actividade científica e institucional da UDC, en acceso aberto.

Avanzouse tamén na optimización dos procesos universitarios coa posta en marcha do xestor documental (documenta.udc.es) e da sede electrónica (sede.udc.gal). Estas dúas aplicacións están baseadas en ferramentas de software libre, desenvolvidas polo persoal propio da UDC. A Universidade da Coruña co seu apoio ao software libre ten acadado os primeiros postos no ranking das universidades do Estado que promoven e usan ferramentas libres. Na liña de desenvolvemento mais con maior intensidade, propoñemos:

- Renovar a tecnoloxía e actualizar a web institucional e os seus contidos; crear espazos web de manexo áxil e intuitivos para Centros, Departamentos e Grupos no xestor de contidos da web institucional.
- Estender o servizo de VDI ao PDI e ao estudantado e dotar o Campus de Ferrol de servidores de VDI.
- Renovar a tecnoloxía e mellorar a infraestrutura inalámbrica.
- Completar o SUXI coa implantación dos módulos de xestión de proxectos, convenios, patentes, solicitude de axudas, etc.; e incorporar os méritos docentes e de xestión ao xestor curricular SUXI-XC.
- Impulsar a implantación de sistemas automatizados de teleformación e audiovisuais para desenvolver a formación non presencial en materias básicas, cursos con proxección internacional ou de interese para a actualización de coñecementos e a formación continua.
- Incorporar o maior número posible de procedementos á tramitación electrónica con SIGEM, dándolle prioridade aos procedementos de xestión económica (por exemplo: tramitación da folia de pedimento, de dietas, indemnización por servizos, etc.).



- Aumentar o número de servizos e procedementos na sede electrónica e crear unha ferramenta de licitación electrónica.
- Mellorar as ferramentas de notificación de web á comunidade universitaria coa distribución de información, avisos e alertas por sectores e individualizados mediante o uso de apps móbiles (campus móbil).
- Mellorar a participación da comunidade universitaria incrementando a presenza da UDC en redes sociais mediante a creación e a implantación de espazos virtuais de participación, proposición e debate.

3.12

COMUNICACIÓN E IMAXE

A comunicación interna e externa debe ser entendida como un elemento estratéxico para a Universidade da Coruña. Dar a coñecer o traballo que se realiza nas aulas e centros de investigación así como dar conta da xestión do goberno permite cumprir cos principios de transparencia e mellorar a imaxe que a sociedade ten dos centros de ensino superiores. O Plan Estratéxico da UDC 2015-2020 contempla o esforzo para a valorización e promoción da Universidade, ligado tamén ao aproveitamento de explotación da imaxe de marca da UDC. É por iso que as medidas que se propoñen irán incardinadas dentro deste obxectivo, pero non se quedan só aí, é fundamental, establecer procesos de colaboración con entidades semellantes para favorecer a cercanía coa sociedade.

- Afondar no coñecemento da UDC por parte da sociedade facilitando o acceso dos medios á información universitaria e por ende da cidadanía.
- Mellorar as canles de difusión da información da UDC para a comunidade universitaria e abrir novas vías de divulgación.
- Potenciar a participación da comunidade universitaria na vida universitaria a través da información e divulgación.
- Formar á comunidade universitaria en competencias de comunicación para o que se organizarán cursos de comunicación para a comunidade universitaria.
- Elaboración de contidos de promoción da UDC en diversos soportes.
- Elaboración dun Manual de uso de redes sociais e blogs.
- Coordinación da presenza da UDC nas redes sociais e blogs (servizos, facultades, etc.)
- Aumentar a presenza da UDC en redes sociais (novas redes, novos centros).
- Desenvolver o Manual de Identidade Corporativa.
- Redeseño da páxina web de Comunicación.
- Sala de prensa virtual (fotos, audios, vídeos e noticias).
- Elaboración dunha revista dixital de actualidade universitaria.
- Establecer canles de participación da comunidade universitaria para facilitar a súa implicación na vida universitaria.
- Creación dunha rede de corresponsalías nos centros.

4 Campus de Ferrol

4.1

O Campus de Ferrol vén desenvolvendo un papel salientable como polo de atracción e de dinamización da comarca e da propia cidade. Alén dos avances na consecución de proxectos con importantes empresas do contorno, da apertura da primeira Residencia Pública Universitaria da nosa Universidade ou a concesión á Universidade da Coruña do Premio de Ferrolán do Ano outorgado polo Concello de Ferrol no ano 2013, o Campus de Ferrol debe profundar na súa autonomía, consolidando e ampliando os mecanismos de descentralización de xeito coherente para contribuír ao equilibrio territorial. Para isto propoñemos:

- Impulsar o Campus Industrial.
- Implantar novos Títulos consonte ás directrices do proxecto do Campus Industrial.
- Impulsar a posible uso do Hospital Novoa Santos como Campus de Ciencias da Saúde.
- Estudar a posibilidade de completar as instalacións deportivas existentes.
- Aumentar o número de prazas ofertadas en Residencia pública.
- Estudar coas autoridades competentes a cesión de terreos en previsión da ampliación do Campus de Esteiro.
- Ofertar a actual Residencia Pública Universitaria en período de verán para o intercambio de estudantes/PDI/PAS
- Axilizar o traslado da Escola Universitaria Politécnica ao Campus de Esteiro.
- Analizar os espazos e medios dispoñibles para dotar o Campus de espazos destinados a viveiro de empresas co apoio e asesoramento da OTRI
- Estudar a inclusión de laboratorios do Centro de Investigación Tecnolóxicas, CIT, na estrutura organizativa dos Servizos de Apoio á Investigación, SAI, para optimizar os recursos.
- Seguir impulsando a colaboración coas empresas do contorno para a realización de prácticas do estudantado.
- Manter e consolidar a relación coas empresas para o desenvolvemento de investigacións conxuntas.
- Descentralizar a oferta formativa dirixida ao PAS e ao PDI.
- Establecer un plan de choque para mellorar a matrícula dos Títulos do Campus de Ferrol.

Novos retos Novas ideas Novo Equipo

O novo impulso que precisa a nosa universidade e que aparece reflectido neste programa será xestionado por un equipo de persoas solvente, coherente e eficaz. Un equipo plural e de progreso con cara novas pero con experiencia demostrada en xestión académica, traxectoria investigadora e práctica docente. Temos moi claro o noso modelo de universidade. O modelo de universidade no que levan traballando desde a Reitoría da Universidade da Coruña José María Barja e Xosé Luís Armesto. Unha universidade pública, galega e de calidade. Unha universidade na que se facilite o acceso e a permanencia ao seu estudiantado. Unha universidade que satisfaga as lexítimas aspiracións profesionais do seu persoal. Unha universidade que forme profesionais pero, sobre todo, persoas comprometidas co seu contorno e que elas e a propia Universidade poidamos contribuir ao progreso económico, social e cultural da sociedade. Dunha sociedade cambiante que precisa de novas ideas para facer fronte aos novos retos e que terá en nós un novo equipo á altura das circunstancias.

REITOR

Julio Abalde Alonso. *Catedrático de Microbioloxía.* Facultade de Ciencias

VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Salvador Naya Fernández. Profesor Titular de Estatística e Investigación Operativa. ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR.

VICERREITORÍA DE PROFESORADO, UNIDADES ACADÉMICAS E PLANIFICACIÓN DOCENTE

Alberto Valderruten Vidal. Profesor Titular de Ciencias de Computación e Intelixencia artificial. FACULTADE DE INFORMÁTICA.

VICERREITORÍA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE

Nancy Vázquez Veiga. Profesora Titular de Lingüística xeral. FACULTADE DE FILOLOXÍA.

VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA, CAMPUS E SUSTENTABILIDADE

Domingo Calvo Dopico. Profesor Titular de Comercialización e Investigación de Mercados. FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA.

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN, CULTURA E DEPORTES

Margarita Amor López. Profesora Titular de Arquitectura e tecnoloxía de computadoras. FACULTADE DE INFORMÁTICA.

VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN

Pilar García de la Torre. Profesora Titular de Psicoloxía. FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN.

VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

Araceli Torres Miño. Profesora Titular de Matemáticas Aplicada. ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR.

SECRETARÍA XERAL

Carlos Aymerich Cano. Profesor Titular de Dereito Administrativo. FACULTADE DE DEREITO.

Con serenidade e con decisión, comprometémonos a darlle un novo impulso á nosa universidade. Os novos retos xa están aquí e queremos que participes nesta nova andaina que emprendemos xuntos/as.
